



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

NORMAS PARA CACHARELAS DE SAN XOAN

Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde do Concello de Negreira, mediante o presente Bando lémbrale a veciñanza que se deberán cumprir as seguintes normas:

1. As persoas interesadas en realizar unha cacharela en terreo privado, deberán presentar a solicitude correspondente con data límite o día 19 de xuño do 2024, por algunha destas vías:
 - Rexistro telemático, a través da sede electrónica do Concello de Negreira.
 - Na oficina do Rexistro Xeral do Concello (de 8.00h a 14.00h).
2. Só se permitirán as cacharelas en terreo publico lousado, asfaltado ou pintado, sempre e cando sexa solicitados mediante sede electrónica, por aquelas asociacións que presenten ademáis, un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos ocasionados no mesmo. A data límite será a mesma.

Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

Para o normal desenrolo da cacharela:

- As cacharelas deberán separarse como mínimo 15m. das vivendas, e 50m. das masas arboreas ou zonas vexetais. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo dos tendidos eléctricos ou telefónicos.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03.30 h da madrugada, de acordo co disposto no art.5f da Lei 10/ 2017 de 27 decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, aceites, e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se queimarán recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases de presión, incluídos os baleiros.
- Sobre terreos con vexetación herbácea, previo ó inicio do lume, farase unha devasa do material combustible nunha franxa de polo menos 9 metros de ancho, rodeando o perímetro.
- Será vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, suspenderase de inmediato.

Telefonos de contacto:

Policía Local 676454882

Protección Civil 673359936

Emerxencias 112

Esta Alcaldía agradece a colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento da festa na noite de San Xoán.

Negreira 04 de Xuño de 2024

O alcalde

MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ